

TEMA 15.- A ARTE DESDE 1945 - COMENTARIO POP ART. ANDY WARHOL:

MARILYN MONROE

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Marilyn Monroe é unha pintura sobre lenzo pertencente ao Pop Art estadounidense. O seu autor, Andy Warhol, realizouna en 1967. Emprega pinturas acrílicas e serigrafía.

c.- Analiza e comenta a obra: desde mediados dos anos 50 prodúcese un cambio na sensibilidade artística: unha serie de artistas queren recuperar a figuración na Arte. Unha das tendencias figurativas máis destacadas é o Pop Art.

O Pop Art ten as súas orixes na cidade de Londres nos anos 50, aínda que o seu triunfo prodúcese en Estados Unidos., especialmente en Nova York, sobre todo na década dos 60. Os artistas pop queren facer obras cunha linguaxe simple, facilmente entendible pola maioría do público. É unha arte urbana que utiliza os obxectos e imaxes da sociedade de consumo e os transforma en obxectos artísticos.

O principal influxo dos artistas pop (sobre todo dos estadounidenses) é o dadaísmo (especialmente Marcel Duchamp e os seus ready-mades), pero carecen do sentido do absurdo e da crítica feroz de Dadá; os artistas pop intégranse no Sistema e, a diferenza dos dadá, queren que as súas obras sexan recoñecidas como “obras artísticas”.

Os temas representados nas súas esculturas e pinturas son: obxectos da sociedade de consumo americana (latas de sopa ou de cervexa de marcas coñecidas, hamburguesas, salchichas...), imaxes procedentes dos cómics, revistas, periódicos, cine, televisión; estrelas do mundo do cine, do rock... Con elas conseguiron achegar a Arte ao gran público pero as súas obras se caracterizan en xeral por ser moi frías (ao cal contribúe notablemente o tipo de técnicas utilizadas), non transmiten ningunha emoción; soen empregar técnicas mecánicas ou semimecánicas dándolle ás obras un acabado industrial que impide ver a marca persoal do artista.

Entre os representantes do Pop Art estadounidense destaca Andy Warhol, o artista pop máis coñecido a nivel internacional, home polifacético que se iniciou no mundo da publicidade e do cómic. A partir dos 60 empeza a reproducir de forma mecánica imaxes comerciais como os envases das sopas Campbell ou as botellas de Coca-Cola, para enseguida facer o mesmo con imaxes de actrices (Marilyn Monroe, Liz Taylor...), cantantes (Elvis Presley, Mick Jagger...), líderes políticos (Mao Tse Tung, Che Guevara...)...

Nas súas obras emprega pinturas acrílicas e usa a técnica fotomecánica da serigrafía, na que a partir dunha fotografía usaba unha plantilla de tea que lle permitía repetir unha e outra vez a imaxe,

que só presentaba cambios cromáticos. Con esta técnica o acabado da obra é perfecto, de aspecto industrial e moi frío (non transmite ningunha emoción nin sentimento: é unha reacción lóxica á emotividade e sentimentalismo do expresionismo abstracto) que impide ver a marca persoal do artista (non se aprecian as marcas do pincel). Reflicte así o modo de vida americano, mecanizado e deshumanizado.

As primeiras pinturas nas que utilizou a técnica da serigrafía foron as Sopas Campbell, 32 lenzos nos que só varían as cores e os nomes que indican o sabor de cada sopa; a marca das latas móstrase de fronte para que sexa ben visible (incitando ao consumo). Warhol eleva a categoría artística un produto industrial de consumo, habitual na América dos anos 60 pois todo o mundo tiña Sopas



Campbell na súa despensa. Warhol mostra o seu rexeitamento ao modo de vida norteamericano onde os obxectos se converten en protagonistas mentres que as persoas sofren unha progresiva deshumanización. O paradoxo está en que foron as Sopas Campbell as que deron a fama a Warhol.

Desde a trágica morte de Marilyn Monroe por sobredose de barbitúricos en 1962, Warhol comeza a traballar en multitude de obras que teñen á actriz como protagonista. Estaba tan interesado en mostrar nas súas obras produtos do consumo de masas, que non puido desperdiciar a oportunidade de mostrar á actriz como un produto máis. A partir dunha fotografía da película Niágara, Warhol reproduce mediante a serigrafía a mesma imaxe repetida de Marilyn Monroe con cores distintas: o resultado é o mesmo que nas Sopas Campbell.

Tamén representou o lado desagradable, escuro e trágico da sociedade capitalista nos seus Disasters (terribles accidentes de coches) ou nas súas series Cadeiras eléctricas (plasma a crueldade da pena de morte e con ela as contradicións da opulenta sociedade norteamericana).

A principal característica de Warhol foi a busca obsesiva da fama, non só no campo estritamente pictórico: no seu estudo, The Factory, aglutinou a artistas e introduciuse no mundo do cine como produtor e director de películas underground, sendo ademais manager do grupo musical "The Velvet Underground & Nico".